



Orzamentos Xunta de Galiza 2016

Gabinete técnico confederal

Orzamentos 2016

Estamos ante os últimos orzamentos desta lexislatura do Sr. Núñez Feijoo, e polo tanto ante un ano electoral, o que sen dúbida vai modificar a política orzamentaria.

Para o ano 2016, os recursos públicos que xestionará a Xunta de Galiza ascenden a 10.310,2 millóns de euros, incrementándose nun 5,3% con respecto ao orzamentado para o ano 2015. Un medre que non chega para compensar os descensos que se veñen producindo nos últimos anos. De feito, se nos retrotraemos a 2009, último ano anterior á 'era Feijoo', o orzamento público acadaba os 11.792,8 millóns de euros. Isto implica que aqueles orzamentos eran un 14,3% maiores que os actuais. E estamos falando en termos nominais, é dicir, sen descontar a inflación; senón, o descenso real sería moito maior.

Pero non só descendeu o orzamento público, ou precisamente por iso, a evolución das principais variábeis macroeconómicas tamén amosa un forte retroceso:

- No que atinxe á evolución da actividade económica medida a través do PIB, segundo os datos da Contabilidade Rexional de España feitos públicos polo Instituto Nacional de Estatística (INE), Galiza sitúase como a terceira comunidade (por diante de Asturias e Cantabria) onde máis descendeu a actividade económica no período 2010/2014. Concretamente, cunha caída anual media do -1,1%, cando na media do Estado o descenso foi do -0,6%.
- Polo que respecta ao emprego, desde que o Partido Popular goberna en Galiza (ano 2009) destruíronse 190.000 postos de traballo. A finais de 2014 había un 16% menos de ocupados/as que no ano 2009.
- A taxa de pobreza ou poboación en risco de exclusión social medrou alarmantemente ata acadar no ano 2013 (último dato oficial dispoñíbel) o 23% da poboación, debido tanto á falta de emprego como ao recorte da protección por desemprego do ano 2012.
- A perda de poboación e o seu avellentamento foron outra constante neste período. Descendeu o número de habitantes tanto polo crecemento natural

negativo, como pola forte emigración da poboación máis nova en idade laboral.

- Empobrecemento da clase traballadora, das e dos pensionistas, das e dos funcionarios, etc., son outras das anotacións no haber deste goberno.

Velaquí o legado da era Feijoo. A recesión económica máis a política orzamentaria da Xunta están detrás disto, xa que o Goberno galego, durante estes anos, coas súas políticas de austeridade non fixo máis que agravar as consecuencias da crise.

Durante 2015, a rebaixa do tipo de cambio do euro fronte ao dólar e a mellora das condicións de financiamento (acceso e custo) operada pola política monetaria máis expansiva do Banco Central Europeo sumáronse á rebaixa do prezo do petróleo, que abarata os custos de produción e de consumo de empresas e familias, o que propiciou o crecemento da actividade económica neste ano e que en parte poida continuar durante 2016. Outro tema é que sexa na magnitude prevista nos orzamentos.

O escenario macroeconómico que sustenta os devanditos orzamento fala dun crecemento do PIB do 2,5% para 2016, baseado nunha achega da demanda interna do 2,7%, xa que a demanda externa continuaría detraendo ao PIB un 0,2% no ano 2016, debido a que as importacións continuarían medrando en maior medida que as exportacións.

Cadro macroeconómico.	2015	2016
Gasto en consumo final	1,7	2,3
Consumo fogares	2	2,5
Consumo AAPP	0,8	1,5
Formación bruta de capital	6,7	5
Achega demanda interna	2,5	2,7
Exportacións	3,4	4,1
Importacións	4,2	4,4
Achega sector exterior	-0,5	-0,2
Produto Interior Bruto	2	2,5

Emprego	1,1	1,7
Taxa de paro	20,1	18,3

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2016. Millóns de euros.

A achega da demanda interna baséase no bo comportamento do gasto dos fogares e do investimento. No caso do investimento estiman que o sector industrial e a construción van ter unha recuperación salientábel durante o ano 2016.

No que atinxe ao medre do gasto privado, explícase polo incremento do emprego xunto coas redución de impostos, principalmente IRPF, que vai incrementar a dispoñibilidade dos galegos e galegas. Estiman un incremento do emprego do 1,7% o que equivalería a 18.000 postos de traballo, o que, xunto coa caída da poboación activa, reduciría a taxa de paro ao 18,3%.

Os orzamentos non teñen como prioridade o emprego, senón gañar as eleccións, baixando impostos de maneira indiscriminada (cando as necesidades de gasto son notorias), facendo chiscadelas a determinados colectivos como os funcionarios/as, cheques bebé... En resumo, intentar, cunha pequena capa de verniz agochar o desastroso legado do seu goberno, e coller folgos que lles permitan seguir gobernando, sen lles importar a realidade económica e social imperante.

As reformas impositivas previstas nestes orzamentos son criticábeis, desde o noso punto de vista, desde varios ángulos. En primeiro lugar, non consideramos que sexa o momento de reducir os ingresos públicos, cando as necesidades sociais son dunha magnitude descoñecida na nosa historia recente. En segundo lugar, son medidas que agravan a regresividade do sistema impositivo xa que é a impostos directos ós que se lles aplica a rebaixa (cada vez os impostos indirectos teñen maior peso na recadación total, e estes tratan igual as rendas altas que as baixas), e dentro dos directos, son as rendas altas as máis beneficiadas polo rebaixa fiscal.

Por outra parte, este tipo de medidas contribúen ao adelgazamento do sector público, principal obxectivo deste goberno.

No que atinxe á axuda de 100 euros por nacemento de fillo (á marxe de como se regule esta dotación), parece un insulto á intelixencia, que sexa esta a medida estrela prevista para atallar un dos problemas máis graves que ten Galiza neste momento: perda e avellentamento da poboación. Negan a emigración (cando a propia patronal das axencias de colocación, Aempleo, acaba de publicar que o ano pasado emigraron 80.141 galegos/as dos que o 75% estaban en idade de traballar, sendo a segunda comunidade -despois de Castela e León- con máis emigración), agochan a falla de emprego e a relación desta coa caída da natalidade, e solucionan o problema con 100 euros ao mes durante x anos. Repetimos, un insulto.

Xunto a estas medidas, a Xunta vai contribuír con 10.310,20 millóns de euros a que o escenario macroeconómico se cumpra.

Entrando a analizar os datos do orzamentos, e comezando polos ingresos, os ingresos non financeiros son os que se prevé que medren durante o ano 2016, concretamente nun 6,9%. A este incremento contribúen tanto o medre das transferencias correntes como a maior recadación a través de impostos directos e indirectos.

Capítulos	2015	2016	variación 16/15	
			absoluta	relativa
I. Impostos directos	2.020,00	2.194,20	174,20	8,6
II. Impostos indirectos	3.118,00	3.242,70	124,70	4,0
III. Taxas, prezos e outros ingresos	181	178,6	-2,40	-1,3
IV. Transferencias correntes	2.168,00	2.392,60	224,60	10,4
V. Ingresos patrimoniais	18	16,00	-2,00	-11,1
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	7.505,80	8.024,40	518,60	6,9
VI. Alleamento de investimentos reais	10,2	13,00	2,80	27,5
VII Transferencias de capital	564,4	583,90	19,50	3,5
T. INGRESOS NON FINANCIEROS	8.080,60	8.621,30	540,70	6,7
VIII. Activos financeiros	14,4	32,40	18,00	125,0
IX. Pasivos financeiros	1.699,80	1.656,40	-43,40	-2,6
TOTAL INGRESOS FINANCIEROS	1.714,00	1.688,80	-25,20	-1,5
TOTAL INGRESOS	9.794,80	10.310,20	515,40	5,3

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2016. Millóns de euros.

No que atinxe aos impostos directos, é a maior recadación a través do IRPF o que explica este incremento. Para este incremento estiman tanto unha maior recadación polo incremento das rendas dos fogares prevista para 2016, como por liquidacións pendentes de anos anteriores.

É difícil validar esta evolución xa que este previsíbel incremento se estima que se produza xusto no ano que se vai aplicar a reforma do IRPF, que consiste nunha redución dos tipos de gravame aplicados en liña co aprobado polo goberno central para este ano 2015. Á marxe de entrar en discusións sobre a quen beneficia máis ou menos a reforma (claramente ás rendas máis elevadas), e que xa no seu momento foi criticada duramente por regresiva, é difícil crer que a aplicación da reforma coincida cun incremento da recadación, xa que aínda que a recuperación económica fose certa e a creación de emprego tamén, o tipo de emprego que se está creando é moi precario (desde o ano 2009 apenas medrou o emprego entre

as persoas asalariadas que percibiron menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional, segundo a Axencia Tributaria). De aí que a súa incidencia sobre a recadación vía IRPF sexa practicamente nula. Trátase, pois, dunha medida claramente electoralista. Ao igual que o Goberno central aplicou a rebaixa neste ano xa que hai eleccións, o Goberno da Xunta vai aplicala en 2016 porque hai eleccións.

Pola contra, a recadación vía imposto de sucesións e doazóns, estímase que se vai reducir nun 22% pola reforma aplicada a este imposto; reforma que consiste basicamente en elevar os mínimos exentos deste imposto. Estímase unha capacidade recadatoria para 2016 por esta medida de 39 millóns de euros.

A través dos impostos indirectos, prevese un incremento da recadación do 4%, sendo o IVE o maior responsábel deste aumento, derivado tanto do incremento do consumo, como de axustes de liquidacións de anos anteriores.

As transferencias correntes prevese que medren nun 10,4%, o capítulo que máis aumenta para 2016. Así, medran tanto as transferencias do Estado como as da Unión europea. Das procedentes do resto do Estado, o incremento explícase tanto por liquidacións pendentes de anos anteriores como polo incremento de partidas destinadas á dependencia (por mor da aplicación progresiva da lei), aplicación da LOMCE, fomento do emprego...

Das procedentes da UE, son as percibidas o través do Fondo Social Europeo as que experimentan un medre maior, concretamente dun 15,2%.

O medre das transferencias de capital procede unicamente dos fondos europeos, xa que as procedentes do Estado español diminúen tanto a través do Fondo de Compensación Interterritorial (un 23,5% menos), como de subvencións finalistas...

Os restantes ingresos, ata acadar os 10.310,3 millóns, proceden da débeda pública. Concretamente, son 1.656,40 millóns o valor da débeda a emitir para o ano 2016.

A amortizar débeda vanse destinar 1.505,79 millóns de euros, un 11,1% máis que no ano 2015; ao cal se se restan os 1.656,40 millóns de novo endebedamento, o endebedamento neto acada os 303,59 millóns de euros en 2016.

Con este novo dato o endebedamento de Galiza acadará, para o ano 2016, o 18,1% do PIB.

O resto dos gastos, por capítulos, é como segue.

Orzamento consolidado de gastos.			variación	
Capítulo	2015	2016	Absoluta	%
I. Gastos de persoal	3.382,00	3.566,89	184,89	5,5
II. Gastos en bens correntes e de servizos	1.388,00	1.482,69	94,69	6,8
III. Gastos financeiros	336	270,9	-65,10	-19,4
IV. Transferencias correntes	1.960,00	2.014,52	54,52	2,8
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	7.066,00	7.335,11	269,11	3,8
V. Fondo de continxencia	125	52,03	-72,97	-58,4
VI. Investimentos reais	698	777,37	79,37	11,4
VII. Transferencias de capital	546	639,91	93,91	17,2
OPERACIÓN DE CAPITAL	1.244,00	1.471,28	227,28	18,3
T. GASTOS NON FINANZEIROS	8.435,00	8.804,44	369,44	4,4
VIII. Activos financeiros	147	152,95	5,95	4,0
IX. Pasivos financeiros	1.208,00	1.352,84	144,84	12,0
TOTAL GASTOS FINANZEIROS	1.355,00	1.505,79	150,79	11,1
Total Xunta	9.790,00	10.310,24	520,24	5,3

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2016. Millóns de euros.

O capítulo que padece unha maior redución na súa dotación é o capítulo III - gastos financeiros- cun 19,4% menos orzamentado en 2016 con respecto a 2015. A redución débese á forte caída que veñen experimentado os tipos de xuro, o que se traduce nun aforro importante en gastos financeiros para o próximo exercicio.

Entre amortizar débeda e facer fronte aos gastos financeiros derivados desta, destínanse 1.623,70 millóns de euros, o 15,7% do total do orzamento para 2016.

Gastos de persoal é o capítulo que absorbe a porcentaxe maior de gasto. Concretamente, o 34,6% do total do orzamento para 2016 destínase a este fin, un 5% mais que no ano anterior. O incremento débese en parte ao aumento de persoal (en educación pola implantación da LOMCE e pola dotación de novos postos nos centros residencias da Consellaría de Política Social), ao incremento salarial do 1% e á recuperación do 47,9% da paga extra do 2012.

Por primeira vez desde o inicio da crise medran os investimentos de capital. Aínda que nun principio o 13,9% de incremento orzamentado para 2016 poida parecer alto, realmente se trata de apenas 174 millóns máis que no 2015, acadando os 1.417,28 millóns. Lonxe quedan os 2.400 millóns que a Xunta destinaba a este fin no ano 2010. Foi, sen dúbida, un dos capítulos máis castigados polo goberno nestes anos de crise, coa agravante de que, paralelamente ao descenso dos

investimentos de capital, se produciu un forte incremento do endebedamento público.

Pero máis que por capítulos, a distribución funcional do gasto permite analizar con máis detalle o orzamento.

Distribución funcional do gasto.			Variación	
Grupos de función	2015	2016	Absoluta	%
1. Servizos de carácter xeral	231,4	262,3	30,9	13,4
Alta dirección da CA	34,8	35,5	0,7	2,0
Administración xeral	63,4	68,1	4,7	7,4
Xustiza	114,1	128,2	14,1	12,4
Administración local	12,3	15,6	3,3	26,8
Normalización lingüística	6,7	6,7	0	0,0
Procesos electorais e órganos de representación política	0	7,9	7,9	
2. Protección civil e seguridade cidadá	33,5	24	-9,5	-28,4
Protección civil e seguridade	33,5	24	-9,5	-28,4
3. Protección e promoción social	768,4	856,6	88,2	11,5
Acción social e promoción social	571,2	642,6	71,4	12,5
Promoción do emprego e inst. do merc de traballo	193,1	209,9	16,8	8,7
Cooperación exterior	4,1	4,1	0	0,0
4.- Prod. de bens púb. de carácter social	5.683,1	5893,1	209,7	3,7
Sanidade	3413,0	3511,5	102,8	3,0
Educación	2048,2	2148,1	99,9	4,9
Cultura	57,9	62,1	4,2	7,3
Deportes	18,5	19,6	1,1	5,9
Vivenda	41,3	51,3	10	24,2
Outros servizos comunitarios e sociais	104,1	100,3	-3,8	-3,7
5.- Prod. de bens públicos de carácter ec.	775,1	828,3	53,2	6,9
Infraestruturas	264	276,6	12,6	4,8
Ordenación do territorio	16,3	15,5	-0,8	-4,9
Promoción de solo para actividades econ.	43,6	50,5	6,9	15,8
Actuacións ambientais	98,0	119,3	21,2	32,9
Actuacións e valorización do medio rural	139,3	135,1	-4,2	-1,5
Investigación, desenvolvemento e innovación	124,0	130,6	6,5	6,7
Sociedade da información e do coñecemento	85,6	96,4	10,8	12,6
Información estatística básica	3,9	4	0,1	2,6
6.-Regulación económica de carácter xeral	120,6	83,5	-37,1	-30,8
Actuacións económicas xerais	27,3	29,1	1,8	6,6
Actividades financeiras	93,2	54,4	-38,8	-41,6

7.-Reg. económica de sectores prod. e desen. empresarial	549,9	643,2	93,6	17,0
Dinamización económica do medio rural	305,6	332	26,8	8,8
Pesca	45,0	82,3	28,5	53,0
Industria, enerxía e minería	39,8	62,9	23,1	58,0
Desenvolvemento empresarial	103,1	108,7	5,6	5,4
Comercio	13,4	13,1	-0,3	-2,2
Turismo	42,9	44	1,1	2,6
8.-Transferencias a entidades locais	117,4	120,6	3,2	2,7
Transferencias a entidades locais	117,4	120,6	3,2	2,7
9.-Débeda pública	1515,1	1598,2	83,1	5,5
Débeda pública	1515,1	1598,2	83,1	5,5
TOTAL	9790,3	10310,2	519,9	5,3

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2016.

No **grupo 1, actuacións de carácter xeral**, o orzamento previsto medra un 13,3% con respecto ao ano 2015. Dentro deste, en termos absolutos é Xustiza o subgrupo cun maior incremento. Dentro deste grupo reflíctense preto de 8 millóns destinados ao proceso electoral previsto para o ano 2016.

O destinado a normalización lingüística mantense nos mesmos termos que en 2015.

O destinado ao **grupo 2, protección civil e seguranza cidadá**, sofre un descenso do 28,5% con respecto a 2015, 13,3 millóns menos.

Parte do descenso é atribuído ao menor orzamento da Axencia galega de emerxencias (que pasou de 10,7 a 6,7 millóns) e a un menor investimento en bens materiais.

Dentro deste grupo está incluído a transferencia aos consorcios provinciais contra incendios, que se mantén na mesma contía que no ano 2015, uns 7 millóns de euros.

Ao **grupo 3, protección e promoción social** destínase nun principio un 11,5% máis que en 2015, o que equivale a 88 millóns máis. É o destinado a Acción e Promoción social o subgrupo que absorbe a maioría do incremento acadando este os 642,6 millóns de euros, 71,3 máis que no ano 2015.

Os cambios no organigrama da Xunta fan difícil, nalgúns casos, o seguimento da contía dalgúns programas, polo que imos analizar os máis importantes:

- O programa de atención ás persoas dependentes é o que absorbe a meirande parte do orzamento deste subgrupo, así como o maior incremento con respecto ao ano 2015, incremento derivado da aplicación da lei que o regula, e polo que en parte recibiu as transferencias correspondentes do Goberno central. Para 2016, a dotación para este programa vai acadar os 324,1 millóns de euros.
- 52,7 millóns de euros son os destinados á Renda de Inclusión Social de Galiza (RISGA), un 10,6% máis que en 2015. Sen dúbida é fundamental a protección e promoción social das persoas máis necesitadas, e nese sentido valoramos estes fondos, pero non debemos esquecer que esta partida medra, non por un xiro social do Goberno galego, senón porque froito da súa xestión cada día hai máis persoas en risco de exclusión social e por tanto con dereito a percibir a RISGA. Mentres continúe habendo lista de espera para acceder á RISGA, os fondos non son suficientes.
- Consideramos preocupante a conxelación da dotación doutros programas deste grupo, como son os que teñen que ver coa conciliación da vida laboral, persoal e familiar e o de protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero.

No que atinxe ao segundo programa, consideramos urxente unha maior dotación orzamentaria, dado que no último ano se rexistraron un maior número de feminicidios que en anos anteriores, de xeito que fagamos fronte ao incremento da violencia, tanto en materia preventiva (con programas específicos nos centros de ensino) como no que respecta á atención e protección das vítimas.

Con respecto ao programa de conciliación, non cremos serio que se diga que se vai incrementar o programa destinado ao fomento do emprego e logo comprobar que este programa se conxela, cando é sabido por todas e todos a necesidade de políticas de conciliación que permitan compatibilizar o emprego coas responsabilidades familiares, e ao tempo, se invista en políticas de creación de emprego, e de loita contra o emprego precario, que axudarían en gran medida a paliar o grave problema demográfico en Galiza, e non con medidas propagandísticas como o cheque bebé.

O incremento para o promoción do emprego é dun 8,7%, 16,7 millóns máis, acadando para este fin no ano 2016 os 210 millóns de euros aproximadamente.

A evolución dos principais programas é como segue.

Principais programas de emprego.	2012	2013	2014	2015	2016
Mellora e fomento da empregabilidade	99	40	37,6	50,7	53,5
Promoción do emprego autónomo	54	43	41	37,8	45
Formación profesional desempregados/as	98,9	72	68,3	68,2	75
Mellora da cualificación do emprego	32,4	6,6	6,6	6	6,5
Total	284,3	161,6	153,5	162,7	180

Fonte: Elaboración propia a partir do proxecto de orzamentos 2016

Nin é importante a contía nin hai novidades nos programas. Despois de perder máis de 190.000 postos de traballo desde que Feijoo goberna a Xunta, estamos ante estes orzamentos, cando o “optimismo económico” reborda en todas as intervencións do goberno, malia este panorama. Non debemos esquecer que o orzamento é o único instrumento, ou ferramenta, en mans do goberno para facer política, para mudar as condicións de vida da cidadanía, e sen dúbida o emprego é un factor fundamental.

As estatísticas sobre emprego non son moi optimistas. O pouco emprego que se creou -segundo a EPA- foi temporal e moi ligado ao sector servizos. Cómpre, xa que logo, unha aposta pola emprego, e que esa feble recuperación económica da que falan chegue a cidadanía. Da análise dos orzamentos, isto non se percibe.

A previsión de gastos nos programas de emprego é un 50% inferior aos do ano 2009, e se o comparamos co primeiro da era Feijoo é un 46% inferior, sen esquecer que quedaron polo camiño programas como o de Intermediación e Inserción Laboral. Este é o seu legado en emprego; 190.000 postos de traballo menos e un 50% menos de gasto nestes.

Á vista destes datos, talvez non era o momento de reducir impostos, xa que só o que se deixa de ingresar a través do Imposto de Sucesións e Doazóns tería unha boa cabida nestes programas.

Os programas de promoción de emprego autónomo e formación profesional son os que rexistran o maior crecemento dos fondos para 2016.

No que atinxe ao **grupo 4, produción de bens públicos de carácter social**, medra o orzamento nun 3,7%. Dentro del, son sanidade e educación, en valores

absolutos, os que máis medran; pero aínda así fano por debaixo da media do orzamento global, coa agravante de que estas dúas partidas foron as máis castigadas polas políticas de austeridade practicadas por este goberno: a dotación orzamentaria para sanidade é 217 millóns de euros inferior á de 2010; no que atinxe a educación, son 232 millóns menos.

En sanidade o programa que máis medra, para 2016, é o de atención especializada. O resto dos programas mantéñense practicamente igual que no ano 2015. Como novidade, a aparición de medio millón de euros para a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento.

Dentro de educación, o maior medre estímase no programa de formación profesional con 696 millóns previstos para 2016 (671 en 2015), o de Ensinanzas Universitarias que pasa de 322 a 338 millóns, e en Educación Infantil, primaria e ESO con 744 millóns fronte aos 732 do ano 2015. Neste último caso o incremento ten moito que ver coa implantación da LOMCE.

Mantense a dotación do programa de prevención do abandono escolar, cando o problema se está incrementando.

O descenso no orzamento noutros servizos comunitarios débese ao descenso no programa 461B, radiodifusión e TVG.

Á produción de bens públicos de carácter económico, grupo 5, prevese destinar 828,3 millóns en 2016, un 6,9% máis que no ano 2015. Infraestruturas absorbe a maior porcentaxe deste grupo, e o medre neste vai destinado a construción, conservación e explotación de estradas.

O incremento da transferencia a Augas de Galiza a través do programa 542A leva a que actuacións ambientais sexa o subgrupo que máis se incrementa neste apartado.

A política de I+D+i rexistra un aumento dun 5,3%, 6,3 millóns máis que no ano 2015. Este incremento é completamente insuficiente para compensar os avultados recortes acumulados desde o ano 2010, e acercar Galiza á media europea de gasto en investigación e desenvolvemento. O gasto nestas actividades sitúase en torno ao 0,8% do PIB, lonxe da media estatal e europea, e moi lonxe do obxectivo recollido no Plan galego 12=C de acadar o 2% do PIB para 2015.

O destinado ao **grupo 6, regulación económica de carácter xeral**, experimenta unha redución do 30% debido ao descenso do orzamentado para o Fondo de Continxencia, fondo que recolle a dotación para atender necesidades imprevistas. Este fondo experimentara un incremento importante o ano anterior.

O **grupo 7, Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial**, ten unha dotación un 17% superior a 2015. O destinado a pesca é a dotación que máis aumenta para 2016; en 2015, fora a que máis baixara. E así, os 37 millóns máis que se van destinar este ano non compensan que foi o sector que máis fondos perdeu, en termos absolutos, desde o ano 2010.

Dentro de industria, enerxía e minaría, o que máis medra é o programa 733A, eficacia enerxética e enerxías renovábeis con 23 millóns máis que en 2015 ata acadar os 62,9 millóns. Dentro deste programa chama a atención o incremento de 1 a 7 millóns nas transferencias aos concellos para axudas de aforro, eficiencia e biomasa. Tamén aumenta de 2 a 10 millóns as axudas a empresas en materia de eficiencia enerxética en industria e servizos; o programa de axudas a familias pasa de 0,6 a 3 millóns e de denominarse axudas en materia enerxética para a axudas biomasa.

O incremento para dinamización económica do medio rural vai destinado na súa meirande parte a incrementar os fondos transferidos a empresas privadas para a creación e mellora das masas forestais, programa 713B.

O resto dos subgrupos non presentan variación significativas, e só cómpre salientar o descenso dos fondos destinados a comercio.

En resumo, non cremos que sexan estes os orzamentos que necesita Galiza neste momento. Maximizar a actividade económica e favorecer a creación de emprego, fixar poboación, xunto coa protección dos grandes prexudicados pola crise, deberían ser as súas prioridades. Porén, o que se ve son uns orzamentos puramente electoralistas, onde o único que importa é gañar as eleccións, con medidas a curto prazo, e que, co tempo, van servir para recortar máis o xa cativo sector público.

Vigo, 4 de novembro de 2015

Natividad López Gromaz (Gabinete Técnico Confederal)